

— Iguais. Eu vou ser... —

Educando en igualdade



» O mércores día 13 de abril de 2016, ás 17 horas, tivo lugar no CFR de Ferrol a presentación do proxecto "IGUAIS. EU VOU SER....EDUCANDO EN IGUALDADE" na que contamos coa presenza das persoas que participaron no seu deseño e elaboración:

- José Pardo: Fotógrafo de La Voz de Galicia.
- Beatriz Antón: Periodista de La Voz de Galicia.
- Marta Sixto e José Pardo: ANPA do Cruceiro de Canido.
- Laura Fernández, María del Mar Sobrín e Ana Seijas Vispo: Autoras das exemplificacións didácticas.
- José Antonio López: Profesor de Artes Gráficas do IES Leixa.

» Este proxecto deseñouse para ser desenvolvido nos centros de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e FP Básica, aínda que pensamos que é unha ferramenta que pode ser de interese non so para estes centros senón para calquera institución que traballe con nenos e nenas en idade escolar.

» Flickr: IES Leixa

» O material podedes telo á vosa disposición previa petición ao CFR de Ferrol, poñéndovos en contacto con José Antonio Sordo:

- Rúa o galego Soto, s/n • 15403 Ferrol. A Coruña
- Tlfn: +34981370541 • Fax: +34981370540
- E-mail: cfr.ferrol@edu.xunta.es
- Web: www.edu.xunta.es/centros/cfrferrol

» Deixamos á disposición unha pequena presentación do proxecto e o enlace a un video resumo da experiencia levada a cabo no CPI Atios, de Valdoviño:

- Vídeos: <https://youtu.be/HesTliq8IRY>
<https://youtu.be/Xs6X3MypG0g>

» Tamén podedes ver a repercusión que a posta en marcha deste proxecto tivo nos medios de comunicación:

- La Voz de Galicia 08/03/2016
- La voz de Galicia 03/09/2016
- La Voz de Galicia 04/13/2016
- La Voz de Galicia 04/15/2016

Índice

Presentación do proxecto	5
Descrición da tarefa	9
Orientacións conceptuais	13
Exemplificación curricular	15
Avaliación	29



Presentación do proxecto

1

IGUAIS. Eu vou ser... Educando en igualdade



A idea deste proxecto nace da man de dúas nais e un pai que forman parte do Consello Escolar do CEIP Cruceiro de Canido. A raíz da proposta de actividades para o Día Internacional das Mulleres, xorde a idea de abordar os prexuízos sexistas cunha exposición fotográfica onde se fagan visíbeis homes e mulleres con profesións tipicamente vinculadas ao sexo contrario. Neste traballo fotográfico contouse coa colaboración de persoas con profesións tan diversas como por exemplo unha muller condutora de autobús, un home matrón, unha muller adestradora dun equipo masculino de baloncesto, un home que fai bolillos,... A idea inicial era facer unha proposta que permitira tratar este tema tan importante, moito máis aló da celebración dun día illado, dándolle así fundamento curricular e artellando diferentes actividades para os distintos niveis educativos partindo do material fotográfico. Para iso, o CFR de Ferrol (Centro de Formación e Recursos do Profesorado) solicita a colaboración tanto do CPI de Atios de Valdoviño, coma do IES Carballo Calero, de Ferrol. Do traballo conxunto de moita xente implicada, xorde esta proposta didáctica que se detalla a continuación.

Nesta proposta, deséñanse e propóñense diferentes actividades e exercicios para as etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria que foron desenvolvidas no CPI Atios de Valdoviño e que poden servir de guía ou de exemplo para moitos outros centros. Tanto o material gráfico, elaborado polo IES de Leixa de Ferrol, xunto coa proposta didáctica e os diferentes materiais elaborados, serán facilitados a todos aqueles centros interesados para que teñan a oportunidade de traballar un tema tan importante como a igualdade e a prevención da violencia de xénero dentro das aulas, dende un punto de vista curricular a través dunha tarefa integrada.



Presentación do proxecto

En primeiro lugar, gustaríanos destacar os obxectivos xerais que con esta proposta se abordarán a diferentes niveis: de centro, de alumnado e de familias:

Respecto do alumnado



- » Favorecer no alumnado a construción dunha identidade non sexista e non violenta promovendo a adquisición de recursos persoais que fomenten as relacións igualitarias.
- » Educar en valores como a tolerancia, respecto, convivencia etc. que lle permitan á poboación infantil e adolescente ser conscientes do seu proceso de desenvolvemento e construción persoal, libres de estereotipos de xénero, como medida para previr actitudes sexistas que fomenten ou perpetúen a violencia de xénero.
- » Educar a intelixencia emocional e social co obxectivo de establecer relacións baseadas na empatía, o diálogo, a negociación, cooperación e resolución de conflitos de xeito construtivo, capacidade de iniciativa e pensamento crítico.

Respecto do profesorado



- » Fomentar a participación do profesorado na coordinación, preparación, difusión e execución da actividade.
- » Xerar conciencia crítica respecto á relación entre sexismo e a violencia de xénero.
- » Integrar o uso dunha linguaxe inclusiva, xenérica e non sexista.
- » Normalizar nas súas aulas referencias á diversidade sexual e a diferentes maneiras de entender a feminidade e masculinidade
- » Formar e capacitar ao profesorado como axente activo en materia coeducativa.

Respecto das familias



- » Implicar no programa ás familias como modelos de conduta, potentes reforzadores e adestradores en novas competencias sociais e emocionais, imprescindibles para a adquisición de patróns de comportamento positivos na infancia e adolescencia.
- » Formar e capacitar á familia como axente activo en materia coeducativa.



2

Descrição da tarefa


IGUAIS. Eu vou ser... Educando em igualdade



Descrición da tarefa

A tarefa final ou produto social relevante, ademais da participación activa na campaña IGUAIS. EU VOU SER..., consiste nunha exposición elaborada por todo o alumnado do centro con diferentes producións. O proceso conta con dúas actividades consecutivas:

1. Inicialmente, nunha parte visible do centro poranse as fotografías das persoas protagonistas na súa vida diaria xunto con cartaces coas descricións das profesións, e o alumnado terá que facer un xogo de asociación persoa-profesión. A continuación, organizarase un debate-reflexión guiada, con perspectiva de xénero, en pequenos grupos onde se analizarán as atribucións empregadas para asociar as imaxes e as profesións, e presentarse a través dun LIBRO LIM (recurso dixital ADXUNTO) as auténticas realidades desas persoas. Posteriormente expoñerase todo o material fotográfico nun lugar visible do centro, accesible a toda a comunidade educativa onde se contará coas fotografías das persoas protagonistas exercendo a súa profesión así como unha frase que resume ou destaca os motivos polos cales elixiron ese traballo.




Descrición da tarefa

2. Despois desta primeira actividade comezará un traballo curricular na aula organizado para os distintos niveis e etapas educativas, onde se traballarán diferentes ámbitos directamente influenciados con estereotipos sexistas: xoguete (EI), profesións (1º e 2º de EP), tarefas domésticas (3º e 4º de EP), presenza das mulleres na historia, ciencia, tecnoloxía,... (5º e 6º de EP) e linguaxe sexista (ESO).

En cada un deses traballos levaranse a cabo diversas tarefas que consistirán na elaboración de diferentes materiais (cartaces, imaxes, fichas...) que reflexarán a análise e documentación levada a cabo.

Así, finalmente, como conclusión a todo o proxecto, montarase unha exposición con esas diferentes producións do alumnado referidas aos ámbitos que investigaron.





Orientações conceituais

3

IGUAIS. Eu vou ser... Educando em igualdade



Orientacións conceptuais que é preciso ter en conta no desenvolvemento do proxecto

En todo o proxecto e desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe, é fundamental o papel da persoa docente como mediadora nos debates e reflexións do alumnado. A continuación, describimos unhas orientacións que poden servir de axuda e guiar todo o proceso:

Premisa básica

Manter a idea de que a única diferenza entre nenos e nenas (homes/mulleres) son físicas, que as actitudes, complementos, cores, profesións... están abertas á liberdade de cada persoa. Evitar usar as expresións: as cousas de nenas tamén valen para os nenos e viceversa.... Non hai cousas de nenas nin cousas de nenos!!!! É fundamental non introducir previamente o estereotipo para despois argumentar a igualdade. Se dicimos: cos xoguetes de nena tamén poden xogar os nenos, estamos transmitindo unha estrutura previa negativa para intercambiar os roles. Unha maneira axeitada sería: gostamos dos xoguetes e cada persoa pode escoller o que quixer.

Linguaxe inclusiva

É preciso facer visíbeis ás mulleres e integrar as construcións xenéricas que non empreguen o masculino como termo xeral: alumnado, infancia, persoas...nenos e nenas...). É importante transformar a nosa linguaxe para que a normalicen no seu axeitado uso.

Crenzas previas


Alén de aportar un discurso argumental, é fundamental guiar as conversas para que expresen os motivos que lles atribuír diferenzas estereotipadas a ambos sexos para poder reconducir e modificar os seus pensamentos de xeito que integren unha idea máis positiva e respectuosa.

Diversidade persoal

En todo momento deben amosarse as diferenzas persoais como un elemento enriquecedor, que dependen dos gustos e intereses das persoas con independencia do seu sexo.

Diversidade sexual

É preciso expresar intencionada e verbalmente que cada persoa pode sentirse neno ou nena, con independencia do seu corpo, e que pode formar parella con quen queira, do mesmo ou do sexo contrario. Nos cursos máis elevados é conveniente abordar que identidade/ orientación sexual non está relacionada con xogos, cores e outros estereotipos.



4

Exemplificação curricular

IGUAIS. Eu vou ser... Educando em igualdade



Exemplificación curricular para Ed. Infantil

1

O alumnado participará no xogo de "Identity" que estará situado nun dos corredores do centro.

Nun corredor do centro o alumnado terá dous tipos de carteis: en primeiro lugar carteis con nomes de diferentes profesións que non dan pistas de xénero (por exemplo PERSOA POLICÍA), e en segundo lugar as fotos das persoas protagonistas na súa vida cotiá. O alumnado terá que facer unha dobre relación, asociando segundo o seu criterio que persoa desempeña cada profesión. Para facer a asociación dispoñeremos de posits de diferentes cores, e a cada persoa lle asociaremos unha cor, de tal xeito que o alumnado teña que poñer no nome de cada profesión a cor da persoa que eles consideran que desempeña ese oficio. Deste xeito, dunha forma moi visual, poderemos comprobar as distintas asociacións.

Debido ao tipo de imaxes é moi probable que a asociación sexa errónea e se manifesten estereotipos sexistas o que nos introducirá no debate da seguinte actividade. Outra opción para facer a asociación, sería poñerlle un número a cada fotografía e que o alumnado escriba nunha táboa que persoa consideran que ten cada profesión.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- » A2B3- Ten superados os estereotipos sexistas referidas a persoas usuarias dalgún servizo comunitario e dos profesionais que alí desenvolven o seu traballo.

2

2.1. O alumnado conversará co profesorado sobre os motivos da súa elección, introducindo argumentos básicos alternativos de atopar elementos estereotipados.

2.2 Realización do LIBRO LIM onde o alumnado descubrirá as auténticas relacións entre persoa - profesión. A medida que se vaian descubrindo as auténticas relacións profesión-persoa, o profesorado guiará a reflexión e o debate co alumnado.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- » A2B3- Ten superados os estereotipos sexistas referidas a persoas usuarias dalgún servizo comunitario e dos profesionais que alí desenvolven o seu traballo.
- » A3B4- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.

3

Elaboración de crebacabezas onde se amosan nenos e nenas en distintos xogos non vinculados ao sexo ou á forza, coa intención de ofrecerlles un modelo aberto e respectuoso.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- » A1B1- Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc, independentemente do xénero.

4

Elaboraranse unhas fichas onde o alumnado elixirá xoguets que lles gusten, así como outros cos que poderían xogar. No material facilitado teremos especial coidado en que se ofrezan diferentes opcións abertas e respectuosas. Estas producións serán as achegas ao mural do centro.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- » A1B1- Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc, independentemente do xénero.

Exemplificación curricular para os diferentes niveis da educación primaria

Nesta proposta, vincúlanse a cada actividade/exercicio estándares de 1º, 3º e 5º de EP a modo de exemplo, pero lógicamente en todos os niveis se pode fundamentar curricularmente esta proposta. As actividades deseñadas están pensadas para facerse por ciclos: 1º e 2º, 3º e 4º e 5º e 6º.

1º Educación primaria

1

O alumnado participará no xogo de "Identity" que estará situado nun dos corredores do centro.

Nun corredor do centro o alumnado terá dous tipos de carteis: en primeiro lugar carteis con nomes de diferentes profesións que non dan pistas de xénero (por exemplo PERSOA POLICÍA), en segundo lugar as fotos das persoas protagonistas na súa vida cotiá. O alumnado terá que facer unha dobre relación, asociando segundo o seu criterio que persoa desempeña cada profesión. Para facer a asociación dispoñeremos de posits de diferentes cores, e a cada persoa lle asociaremos unha cor, de tal xeito que o alumnado teña que poñer no nome de cada profesión a cor da persoa que eles consideran que desempeña ese oficio. Deste xeito, dunha forma moi visual, poderemos comprobar as distintas asociacións. Outra opción para facer a asociación, sería poñerlle un número a cada fotografía e que o alumnado escriba nunha táboa que persoa consideran que ten cada profesión. Debido ao tipo de imaxes é moi probable que a asociación sexa errónea e se manifesten estereotipos sexistas o que nos introducirá no debate da seguinte actividade.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.

- » B1.2. Traballar en equipo e adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.

- **Exemplos de estándares:**

- » CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

- » CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.

2

O alumnado participará nun debate posterior ao xogo. Este debate é unha parte crucial da tarefa, e teranse en conta as orientacións metodolóxicas enumeradas anteriormente.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.

- » B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.

- **Exemplos de estándares:**

- » CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

- » LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

3

Os nenos e nenas elixirán 6 profesións (3 realizadas por mulleres e 3 por homes) do xogo de Identity para describir as accións que se desempeñan en cada oficio e reflexionar sobre o uso da linguaxe e prototipos sexistas.

3.1. No gran grupo se fará unha choiva de ideas de accións que se realizan en cada profesión. O importante é que se concreten actividades e accións específicas de cada traballo, para que o alumnado visualice que se poden desempe-

ñar polos dous sexos e que, en ocasións, temos ideas preconcebidas que son erróneas sobre o desempeño de profesións tipicamente asociadas a un xénero ou a outro. Reforzaremos a idea de pluralidade, da consecución de metas por esforzo e aprendizaxe. Desmitificaremos a idea da forza como criterio para o reparto das profesións.

3.2. No gran grupo se seleccionarán as accións máis relevantes de cada profesión.

3.3. Debate e reflexión sobre o desempeño das accións máis relevantes de cada profesión e recoñecemento de que os dous sexos as poden realizar por igual. Pódese facer unha dinámica de comprobación, como por exemplo simular con xestos: todo o grupo fai que para o tráfico, todo o grupo fai que usa unha mangueira, etc.

3.4. Redacción dunha lista de palabras e situacións sexistas, de tal xeito que o alumnado xeneralice a outras profesións ou tarefas estereotipadas como as vistas ata agora.

3.5. Traballo co LIBRO LIM adxunto

• **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízaos con seguridade evitando estereotipos sexistas.
- » B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.

• **Exemplos de estándares:**

- » CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.
- » LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

4

O alumnado realizará unha entrevista a un membro da comunidade educativa que desempeñe un traballo que non estea vinculado tradicionalmente ao seu sexo. Con esta actividade pretendemos facer visíbeis na contorna próxima do alumnado máis persoas que desempeñan profesións variadas non asociadas ao xénero. Contaremos coa colaboración das familias e da comunidade educativa.

4.1. Podemos utilizar diferentes estratexias para coñecer as profesións do noso entorno, por exemplo, o alumnado pode elaborar unha sinxela enquisa para as familias onde se pregunte polas diferentes profesións que desempeñan, poñernos en contacto con algunha empresa da contorna ou servizo público para preguntar sobre cantidades de mulleres e homes que desempeñan diferentes traballos, etc.

4.2. Elixirase unha persoa da contorna do alumnado á que entrevistar, de tal xeito que se amose un exemplo positivo, aberto e diverso, a través dunha persoa que exerce unha profesión non vinculada tradicionalmente ao seu sexo.

4.3. Unha vez que temos seleccionada á persoa protagonista, o alumnado elaborará e deseñará a entrevista, pensando as preguntas así como a posta en práctica: quen fai cada pregunta, onde se vai realizar, quen fará as presentacións,...

4.4. Entrevista á persoa elixida.

• **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízaos con seguridade evitando estereotipos sexistas.
- » B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.

• **Exemplos de estándares:**

- » CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián, empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.
- » LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.

5

A última actividade está dirixida á achega que o alumnado fará á exposición final na que participará todo o centro. Unha vez que xa se reflexionou e se traballou sobre os estereotipos sexistas nas diferentes profesións, pediráselle ao alumnado xunto coas familias, que nos facilite fotografías de persoas dos dous sexos exercendo a mesma profesión e tamén poderemos facer dramatizacións e representacións co alumnado dentro da aula.

Non traballaremos somentes o tema das profesións, senón tamén de diferentes aparellos e máquinas sinxelas (lavadora, taladro, cortacésped, aspiradora,...).

5.1. Buscar persoas (tanto de sexo feminino como masculino) que desempeñen a mesma profesión e sacarlles unha foto. Precisaremos a colaboración das familias. Unha vez máis é moi importante non contribuir a consolidar a idea de mulleres “facendo cousas de homes” e viceversa.

5.2. En colaboración coas familias, sacar fotos tanto dos adultos coma do nenos e nenas con diversos aparellos e desempeñando funcións domésticas (pasando o ferro, espremendo cítricos, facendo a cama, poñendo a mesa...).

5.3. Colocación e organización das fotografías para pegar no mural - exposición.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.

- » B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.

- **Exemplos de estándares:**

- » CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

- » LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

3º Educación primaria

1

O alumnado participará no xogo de “Identity” que estará situado nun dos corredores do centro.

Nun corredor do centro o alumnado terá dous tipos de carteis: en primeiro lugar carteis con nomes de diferentes profesións que non dan pistas de xénero (por exemplo PERSOA POLICÍA), en segundo lugar as fotos das persoas protagonistas na súa vida cotiá. O alumnado terá que facer unha dobre relación, asociando segundo o seu criterio que persoa desempeña cada profesión. Para facer a asociación dispoñeremos de posits de diferentes cores, e a cada persoa lle asociaremos unha cor, de tal xeito que o alumnado teña

que poñer no nome de cada profesión a cor da persoa que eles consideran que desempeña ese oficio. Deste xeito, dunha forma moi visual, poderemos comprobar as distintas asociacións. Outra opción para facer a asociación, sería poñerlle un número a cada fotografía e que o alumnado escriba nunha táboa que persoa consideran que ten cada profesión.

Debido ao tipo de imaxes é moi probable que a asociación sexa errónea e se manifesten estereotipos sexistas o que nos introducirá no debate da seguinte actividade.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.10. Usar, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

- **Exemplos de estándares:**

- » LGB1.10.1. Usa, de forma xeral, unha linguaxe non sexista.

2

O alumnado participará nun debate posterior ao xogo. Este debate é unha parte crucial da tarefa, e teranse en conta as orientacións metodolóxicas enumeradas anteriormente.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.10. Usar, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

- **Exemplos de estándares:**

- » GB1.10.2. Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

3

Despois do debate, propoñeráselle ao alumnado a posibilidade de reflexionar e analizar sobre estes estereotipos sexistas no ámbito doméstico. Para elo, o alumnado deseñará e cubrirá coa colaboración das familias unha enquisa onde se reflictirán as diferentes tarefas domésticas que desempeña cada persoa do núcleo familiar.

Nesta actividade prestaremos atención a respectar e valorar os diferentes tipos de familias. Nun primeiro lugar, decidírase e elaborárase no gran grupo a enquisa que se facilitará ás familias. Deixaremos claro que cada familia pode estar composta de diferentes xeitos, respectando e valorando a diversidade (familias con dous papás, dúas mamás, familias monoparentais, con avós, ...) así como o feito de que moitos nenos e nenas teñen "dúas familias", xa que os seus proxenitores están separados. Nestes casos facilitaráselles dúas enquisas.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.
- » B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.

- **Exemplos de estándares:**

- » CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
- » CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno. Mediante a observación obtén unha información.

4

Unha vez que teñamos no centro o resultado de todas as enquisas, o alumnado analizará e organizará os datos obtidos por medio de gráficas onde se visualice o tipo de tarefas feitas polos diferentes integrantes da unidade familiar. Aquí é moi importante non só analizar quen fai a tarefa, senón quen se responsabiliza dela. Por exemplo, pode ser unha persoa quen faga a compra, pero é outra quen realmente se encarga de pensar e facer a lista do que hai que mercar. Esta situación podemos xeneralizala a moitas outras situacións domésticas, polo que é moi importante que se reflexione sobre iso e que na enquisa tamén se reflicta este tipo de apreciacións.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

- **Exemplos de estándares:**

- » MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.
- » MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.

5

A continuación, dada neno ou nena elaborará un compromiso persoal de cooperación nas tarefas domésticas que poderá acompañar de diferentes expresións gráficas ou artísticas (fotos, debuxos, collage,...) e que formarán parte da exposición do centro.

Nesta última actividade cada neno e nena asumirá un compromiso que deberá prolongar no tempo, que deberá estar consensuado na unidade familiar e que periodicamente poderíamos revisar.

Naqueles casos nos que haxa nenos e nenas na familia, as tarefas teñen que estar equitativamente compartidas. En todo este traballo é moi importante a reflexión que conleva o feito de utilizar palabras como "axudar" ou "compartir", xa que non é igual axudar, onde outra persoa asume a maior parte da responsabilidade, que compartir, onde ámbalas dúas asumen ese traballo de xeito equitativo.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.

- **Exemplos de estándares:**

- » VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.

5º Educación primaria

1

O alumnado participará no xogo de "Identity" que estará situado nun dos corredores do centro.

Nun corredor do centro o alumnado terá dous tipos de carteis: en primeiro lugar carteis con nomes de diferentes profesións que non dan pistas de xénero (por exemplo PERSOA POLICÍA), en segundo lugar as fotos das persoas protagonistas na súa vida cotiá. O alumnado terá que facer unha dobre relación, asociando segundo o seu criterio que persoa desempeña cada profesión. Para facer a asociación dispoñeremos de posits de diferentes cores, e a cada persoa lle asociaremos unha cor, de tal xeito que o alumnado teña que poñer no nome de cada profesión a cor da persoa que eles consideran que desempeña ese oficio. Deste xeito, dunha forma moi visual, poderemos comprobar as distintas asociacións. Outra opción para facer a asociación, sería poñerlle un número a cada fotografía e que o alumnado escriba nunha táboa que persoa consideran que ten cada profesión. (Adxúntase a táboa).

Debido ao tipo de imaxes é moi probable que a asociación sexa errónea e se manifesten estereotipos sexistas o que nos introducirá no debate da seguinte actividade.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**
 - » B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
 - » B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- **Exemplos de estándares:**
 - » LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.
 - » LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

2

O alumnado participará nun debate posterior ao xogo. Este debate é unha parte crucial da tarefa, e teranse en conta as orientacións metodolóxicas enumeradas anteriormente.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**
 - » B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.
- **Exemplos de estándares:**
 - » LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.

3

Despois do debate, propoñeráselle ao alumnado de 5º e 6º de primaria que realice unha pequena investigación sobre a presenza das mulleres ao longo da historia. Inicialmente podemos propoñerlles que investiguen as seguintes mulleres para que o alumnado descubra por si mesmo o fascinante do seu traballo, descubrimentos ou hazañas. Unha posible proposta podería ser esta:

- Ciencia: Hipatia de Alexandría (matemática e astrónoma do século V), Valentina Vladimirovna Tereshkova (primeira muller que viaxou ao espazo), Heidy Lamarr (fixo posible o Wifi e o GPS), Jane Goodall (estudou durante 55 anos a interacción social e familiar dos chimpancés en estado salvaxe), Florence Nightingale (transformou a enfermidade e os hospitais), Ángela Ruiz Robles (considerada como a auténtica precursora das tabletas e eBooks. Esta mestra creou un libro electrónico que era capaz de iluminarse para ler na oscuridade, emitir sons ou facer zoom sobre as letras e debuxos).
- Arte: Georgia O'Keeffe (artista estadounidense, pioneira no campo das artes visuais), J. K. Rowling (autora dos libros de Harry Potter), Maruja Mallo, Rosalía de Castro, Concepción Arenal.
- Deporte: Chus Lago (alpinista galega que subiu ao Everest e chegou ao Polo Sur nunha expedición de 59 días en solitario), Serena Williams (unha das mellores tenistas da historia).

- Política e compromiso social: Indira Gandhi (primeira muller presidenta da India), Rosa Park (activista afroamericana en contra da segregación racial), Rigoberta Menchú Tum (líder indíxena guatemalteca defensora dos dereitos humanos), Malala Yousafzai (estudiante, activista e blogueira pakistaní que gañou o Premio Nobel da Paz), Dolores Ibárruri (loitadora polos dereitos das mulleres).

Tamén se lle pode propoñer ao alumnado que investigue máis exemplos e que faga as súas propias aportacións ao traballo de investigación.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.

- » B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.

- » B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres.

- **Exemplos de estándares:**

- » CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

- » CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.

- » VSCB3.10.1. Axuiza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

Elaboración de materiais gráficos sobre as mulleres investigadas para a exposición do centro. Podería ser un percorrido histórico, por exemplo, baixo o nome de "Séculos de mulleres" para reforzar a idea da existencia activa de mulleres nas diferentes áreas ao longo da historia. Trátase de expoñer todo o investigado e compartilo coa comunidade educativa.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.

- » B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.

- **Exemplos de estándares:**

- » CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

- » CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

Exemplificación curricular para secundaria obligatoria

Nesta proposta, tan so se reflicten estándares de lingua galega de 1º de ESO, pero lóxicamente, poderían vincularse moitos máis estándares, de diferentes áreas e de todos os niveis. En cada centro, poden definirse diferentes tarefas tendo como base a exposición, polo que será unha decisión docente a interdisciplinariedade que se lle dea así como as áreas implicadas na mesma.

1

O alumnado participará no xogo de "Identity" que estará situado nun dos corredores do centro.

Nun corredor do centro o alumnado terá dous tipos de carteis: en primeiro lugar carteis con nomes de diferentes profesións que non dan pistas de xénero (por exemplo PERSOA POLICÍA), en segundo lugar as fotos das persoas protagonistas na súa vida cotiá. O alumnado terá que facer unha dobre relación, asociando segundo o seu criterio que persoa desempeña cada profesión. Para facer a asociación dispoñeremos de posits de diferentes cores, e a cada persoa lle asociaremos unha cor, de tal xeito que o alumnado teña que poñer no nome de cada profesión a cor da persoa que eles consideran que desempeña ese oficio. Deste xeito, dunha forma moi visual, poderemos comprobar as distintas asociacións. Outra opción para facer a asociación, sería poñerlle un número a cada fotografía e que o alumnado escriba nunha táboa que persoa consideran que ten cada profesión.

Debido ao tipo de imaxes é moi probable que a asociación sexa errónea e se manifesten estereotipos sexistas o que nos introducirá no debate da seguinte actividade.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B2.6. Amosar una actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

- **Exemplos de estándares:**

- » LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

2

O alumnado participará nun debate posterior ao xogo. Este debate é unha parte crucial da tarefa, e teranse en conta as orientacións metodolóxicas enumeradas anteriormente.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » B1.7. Producir textos orais en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- » B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito aducativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).

- **Exemplos de estándares:**

- » LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- » LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.

3

Despois do debate, propoñeráselle ao alumnado a análise dos diversos medios de comunicación impresos (xornais, revistas...) para estudar a linguaxe e mensaxes empregadas. Poderían elaborar por grupos cartaces publicitarios respectuosos, con mensaxes positivas e libres de prexuízos de xénero.

Outra opción sería facer un estudo da linguaxe sexista presente no centro educativo: letreiros, páxina web, aulas virtuais, información ás familias, impresos,... e posteriormente unha campaña encamiñada a mellorar a situación e solicitar ás persoas responsables os cambios precisos. Esta actividade podería culminar coa creación dun equipo permanente composto por alumnado que supervisase periodicamente o nivel de igualdade presente no centro a todos os niveis.

Outra posible actividade tamén sería analizar letras de cancións, xa que en moitísimas delas plásmase un trato vexatorio das mulleres.

Relacionado con todo o anterior, o alumnado podería elaborar algunha campaña publicitaria tanto para o propio centro coma para o seu contexto próximo, na defensa do trato igualitario e contra os prexuízos sexistas.

• **Exemplos de criterios de avaliación:**

» B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

• **Exemplos de estándares:**

» LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.

4

Elaboración de materiais gráficos para a exposición do centro en base as actividades realizadas. Dependendo das actividades realizadas anteriormente, o alumnado de secundaria contribuirá a exposición a nivel de centro expoñendo o resultado do seu traballo.

• **Exemplos de criterios de avaliación:**


» B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.

» B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

• **Exemplos de estándares:**

» LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.

» LGB2.12.1 Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.



Exemplificación curricular para FP básica

Esta proposta está deseñada para levar a cabo co alumnado de 1º e 2º curso do ciclo de FP Básica. Traballaranse unha serie de actividades para intentar acadar os obxectivos:

- Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

A continuación, vincúlense actividades ou exercicios a resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do Módulo Comunicación e Sociedade I e II .

1

O alumnado participará no xogo de "Identity" que estará situado nun dos corredores do centro.

Nun corredor do centro o alumnado terá dous tipos de carteis: en primeiro lugar carteis con nomes de diferentes profesións que non dan pistas de xénero (por exemplo PERSONA POLICÍA), en segundo lugar as fotos das persoas protagonistas na súa vida cotiá. O alumnado terá que facer unha dobre relación, asociando segundo o seu criterio que persoa desempeña cada profesión. Para facer a asociación dispoñeremos de posits de diferentes cores, e a cada persoa lle asociaremos unha cor, de tal xeito que o alumnado teña que poñer no nome de cada profesión a cor da persoa que eles consideran que desempeña ese oficio. Deste xeito, dunha forma moi visual, poderemos comprobar as distintas asociacións. Outra opción para facer a asociación, sería poñerlle un número a cada fotografía e que o alumnado escriba nunha táboa que persoa consideran que ten cada profesión.

Debido ao tipo de imaxes é moi probable que a asociación sexa errónea e se manifesten estereotipos sexistas o que nos introducirá no debate da seguinte actividade.

• Exemplos de criterios de avaliación:

» CA2.5. Unidade Formativa 3. Sociedade II: Valorouse a implicación do principio de non discriminación nas relacións persoais e sociais do entorno, xulgando comportamentos propios e alleos e inferindo pautas e acción apropiadas para acomodar a actitude aos dereitos e ás obriga que diso se derivan.

• Exemplos de resultados de aprendizaxe:

» RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.

2

O alumnado participará nun debate posterior ao xogo. Este debate é unha parte crucial da tarefa, e teranse en conta as orientacións metodolóxicas anteriores. Para iniciar este debate poderase facer a seguinte actividade relacionada co xogo "Identity": formamos pequenos grupos na aula, entregámoslles a cada grupo un listado de cualidades do ser humano (responsabilidade, sumisión, autoridade, pasividade, emocional, doce, impulsividade,...) que deberán asignarlle a un sexo ou outro en función das que consideren propias de cada sexo. A continuación, anotarase na pizarra as respostas e darase comezo ao debate a través de cuestións como:

- Sentídesvos identificadas e identificados coas cualidades que vos corresponden por sexo?
- Sería posible intercambialas?
- Credes que estas cualidades son innatas ou aprendidas?
- Que pasa cando un rapaz ou rapaza expresa un estereotipo non asignado culturalmente ao seu xénero?

Finalizaremos a actividade co visionado de dous documentais no que aparecen relatos reais de mulleres que desempeñan profesións tradicionalmente ligadas ao xénero masculino e homes con profesións tradicionalmente femininas :

- "Igual-es - Ellas...se arriesgan, Igual-es - RTVE.es A la Carta"
- "Igual-es - Ellos... también. Hombres en trabajos femeninos ..."

• Exemplos de criterios de avaliación:

» CA1.1. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá II: Aplicáronse as técnicas da escoita activa na análise de mensaxes orais procedentes de diversas fontes.

» CA1.4. Unidade Formativa 1: Comunicación en lingua galega e castelá I: Analizáronse os usos e niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relación de xénero.

» CA1.5. Unidade Formativa 1: Comunicación en lingua galega e castelá II: Analizáronse os usos e os niveis da linguaxe e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, valorando e eliminando os usos discriminatorios.

• Exemplos de resultados de aprendizaxe:

» RA1. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e lingua castelá, aplicando os principios de escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.

3

Despois do debate, reflexionaremos sobre estereotipos relacionados co corpo e imaxe dos homes e das mulleres.

Iniciaremos a actividade separando ao grupo por sexos e pediráselles que nunha cartolina cada grupo faga un debuxo de como cren que "debe ser unha persoa do seu sexo contrario"; é dicir, os rapaces debuxarán unha rapaza e viceversa. Pediráselles que o debuxo sexa dunha persoa núa.

A continuación, exporemos o debuxo a todo o grupo- aula, cada grupo explicará o seu e reflexionaremos acerca das "cualidades" que debe reunir según eles e elas unha persoa do sexo oposto, comparándoa coas mulleres e homes reais e relacionando esa imaxe cos estereotipos de xénero actuais.

Rematamos esta parte co visionado de videos como:

- "Que cambiarías de tu cuerpo" (Dove)
- "Vemos la belleza en nuestras amigas tan fácilmente" (Dove)

• Exemplos de criterios de avaliación:

» CA1.1. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá II: Aplicáronse as técnicas da escoita activa na análise de mensaxes orais procedentes de diversas fontes.

» CA1.4. Unidade Formativa 1: Comunicación en lingua galega e castelá I: Analizáronse os usos e niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relación de xénero.

» CA1.5. Unidade Formativa 1: Comunicación en lingua galega e castelá II: Analizáronse os usos e os niveis da linguaxe e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, valorando e eliminando os usos discriminatorios.

• Exemplos de resultados de aprendizaxe:

» RA1. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e lingua castelá, aplicando os principios de escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.

4

Analizaremos tamén os estereotipos de xénero que se nos transmite mediante a música e as cancións. Para elo, repartiremos ao alumnado unha serie de letras de cancións que reproducen o sexismo (estereotipos, mitos,...) como poden ser:

- "Sin ti no soy nada" e "Toda" de Malú
- "Te espero sentada" de Shakira.

Unha vez lidas as letras abriremos un debate e reflexión en torno a cuestións como:

- Que lles suxire o título
- Que mensaxe transmite a canción
- Por que case todas as cancións falan de amor e de que tipo de amor falan
- Se pensan se as persoas somos algo máis que o amor cara a nosa parella e se lle parece positivo depender tanto de alguén.

Elaboramos unha conclusión final cun listado de frases clave a ter en conta sobre os contidos sexistas das cancións que se exporá na parede da aula.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » CA2.3. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá I: Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero.

- » CA2.3. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá II: Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, recoñecendo posibles usos discriminatorios.

- **Exemplos de resultados de aprendizaxe:**

- » RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.

5

A continuación, analizaremos diversos medios de comunicación impresos (xornais, revistas...) para estudar a linguaxe e mensaxes empregadas.

Repartiremos ao alumnado o seguinte DECÁLOGO para identificar o sexismo na publicidade:

- Promover modelos que consoliden pautas tradicionalmente fixadas para cada un dos xéneros.
- Fixar estándares de beleza considerados sinónimos de éxito.
- Presentar o corpo como un espazo de imperfeccións que hai que corrixir.
- Situar ás personaxes femininas nunha posición de inferioridade e dependencia.
- Representar ao corpo feminino como obxecto.
- Mostrar que as mulleres son incapaces de controlar as súas emocións e as súas reaccións.
- Utilizar unha linguaxe que exclúa ás mulleres, que dificulta a súa identificación ou que as asocie a valoracións pexorativas.

O docente levará á aula xornais, revistas de diversa índole, etc con anuncios publicitarios que repartirá entre o alumnado sentado por grupos. Estes elixirán un anuncio e analizarano tendo en conta:

- Que aspectos aparecen reflectidos do decálogo anterior.
- Que imaxes mostra
- Que mensaxes ocultos transmite
- Quen é a/o protagonista
- A que público vai dirixido
- Que roles adxudica á muller e ao home
- Que obxectos se asocian á muller e ao home
- En que ámbito se representa á muller e ao home
- Aparecen homes ou mulleres como obxectos sexuais.

Ante toda o grupo-aula, cada grupo exporá a crítica e a conclusión final da análise realizada.

Poderíase completar a actividade elaborando por grupos cartaces publicitarios respectuosos, con mensaxes positivas e libres de prexuízos de xénero.

- **Exemplos de criterios de avaliación:**

- » CA2.5. Unidade Formativa 3. Sociedade II:

Valorouse a implicación do principio de non discriminación nas relacións persoais e sociais do entorno, xulgando comportamentos propios e alleos inferindo pautas e acción apropiadas para acomodar a actitude aos dereitos e ás obrigas que diso se derivan.

- **Exemplos de resultados de aprendizaxe:**

- » RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.

Faremos outra análise a través dos medios de comunicación audiovisuais. Para elo, comezaremos co visionado de tramos de series de televisión, películas, ... que todas e todos coñecen.

Algúns exemplos:

- Simpson: "A fregar", "A las mujeres les gusta...", "Habitación propia"
- Tres metros sobre el cielo
- Crepúsculo

A través deste visionado abordaranse unha vez máis os estereotipos de xénero e rebateranse os mitos do "amor romántico":

- Mito da media laranxa ou da fe cega no destino ("crer que se elixe á parella que tiñamos predestinada")
- Mito da exclusividade
- Mito dos celos ("é normal que esté celoso/a si me quere")
- Mito de confundir amor con enamoramento
- Mito da omnipotencia do amor ("crer que o amor o pode todo ou que calquera sacrificio é válido pola parella")

• **Exemplos de criterios de avaliación:**


» C CA1.1. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá II: Aplicáronse as técnicas da escoita activa na análise de mensaxes orais procedentes de diversas fontes.

» CA1.4. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá I: Analizáronse os usos e niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relación de xénero.

» CA1.5. Unidade Formativa 1. Comunicación en lingua galega e castelá II: Analizáronse os usos e os niveis da linguaxe e os niveis da linguaxe e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, valorando e eliminando os usos discriminatorios.

• **Exemplos de resultados de aprendizaxe:**

» RA1. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e lingua castelá, aplicando os principios de escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.





Avaliación

5

IGUAIS. Eu vou ser... Educando en igualdade



Nesta proposta curricular, que loxicamente pode adaptarse a cada centro en función do seu alumnado, áreas a traballar e necesidades detectadas, facemos unha proposta xenérica de estándares de avaliación relacionados con cada actividade na etapa de educación primaria e secundaria. Poderían relacionarse moitos máis, e a fundamentación curricular desta proposta queda claramente manifesta.

A intención dos participantes neste proxecto é a de darlle valor e peso curricular a un tema tan importante como este na escola actual. Os prexuízos e a linguaxe sexistas, a discriminación das mulleres,... teñen que ser un eixe fundamental do traballo dentro das aulas.

Con esta exposición fotográfica e a súa correspondente proposta didáctica, esperamos contribuír a que se aborden estes contidos dun xeito competencial.

Para iso, a avaliación debemos entendela como inherente á práctica docente e este proxecto estaría inacabado se non se avalía a consecución dos estándares traballados así como o nivel de desempeño en cada un deles por parte de todo o alumnado. Para realizar a devandita avaliación deberemos recorrer, fundamentalmente, ao uso de rúbricas e da propia observación como instrumento de avaliación. Tamén se poderían usar outros instrumentos, como as probas escritas, portafolios, demostracións, etc.





Avaliación cuantitativa

A maioría dos estándares propostos, tan so poderán ser avaliados a través da observación dun desempeño realizado polo alumnado, é dicir, a través da propia observación que faga o profesorado no desenvolvemento das actividades do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Para obxectivizar esa observación o máximo posible, así como para traducir en accións concretas e observables

cada estándar, deberemos elaborar rúbricas. As rúbricas deberán facer referencia a un contido, a un procedemento e a un contexto e deberán graduar catro niveis de desempeño.

Dependendo do nivel no que nos atopemos, a rúbrica terá que adaptarse. Como exemplos para o primeiro nivel de educación primaria, propoñemos os seguintes:

Estándar de aprendizaxe avaliable	nivel 1 (receptivo nivel baixo)	nivel 2 (resolutivo nivel mínimo esixido)	nivel 3 (autónomo nivel medio)	nivel 4 (estratéxico nivel alto)
LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias con moita axuda por parte da persoa titora na actividade proposta, xa que precisa recordatorios e indicacións para non cometer erros.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias con axuda por parte da persoa titora na actividade proposta en determinados momentos. É quen de darse conta dos erros, rectificar e reflexionar sobre os mesmos.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias de forma autónoma e espontánea na actividade proposta.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias de forma autónoma, sen cometer ningún erro, en todas as ocasións e cunha linguaxe moi coitada e respectuosa na actividade proposta. Esta linguaxe xeneralízase a todos os contextos de uso e diferentes situacións.
CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	Coñece e nomea oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas con moita axuda por parte da persoa titora na actividade proposta.	Coñece e nomea oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas con axuda por parte da persoa titora na actividade proposta.	Coñece e nomea oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas de forma autónoma cometendo algún erro na actividade proposta.	Coñece e nomea oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas de forma autónoma sen cometer ningún erro na actividade proposta.

A continuación, expoñemos exemplos de rúbricas que poderíamos vincular a diferentes estándares dos traballados nesta proposta didáctica e que poderían adaptarse a calqueira nivel ou área curricular:

Utilización dunha linguaxe non sexista.	Nunca utiliza unha linguaxe non sexista.	Utiliza linguaxe non sexista so ás veces.	Utiliza linguaxe non sexista sempre na escrita, só ás veces na linguaxe oral.	Ten incorporada a linguaxe non sexista na súa comunicación.
Utilizar imaxes que reproduzan estereotipos de xénero.	Continúa a utilizar imaxes que reproducen esterotipos de xénero.	Identifica imaxes moi evidentes de esterotipos, pero outras non.	Identifica imaxes estereotipadas, pero segue a describir profesións estereotipadamente.	Identifica con precisión os esterotipos de xénero tanto en imaxes como nas comunicacións.
Visualiza desequilibrios de sexo en colectivos.	Non visualiza desequilibrios de sexo en colectivos.	Proporciona inha información inexacta do tema. Non consider implicacións o consecuencias.	Visualiza desequilibrios de sexo en distintos colectivos.	Reflexiona e identifica as implicación dos desequilibrios de sexo.
Coñece e valora o traballo de mulleres relevantes nos distintos ámbitos do coñecemento.	Non identifica ningunha autora relevante no seu campo de coñecemento.	Pode citar unha autora relevante no seu campo de coñecemento.	Coñece máis dunha autora relevante no seu campo de coñecemento.	Coñece varias autoras relevantes en varios campos de coñecemento.



Dentro da avaliación cuantitativa tamén é importante manter un rexistro do número de actividades levadas a cabo dentro do proxecto, podendo usar como guía o seguinte cadro:

FICHA DE REXISTRO			
Centro educativo:		Grupo:	
Datas de realización			Actividade
Descrición do grupo - Número de alumnas e alumnos			
Número de incidencias rexistradas:			

Avaliación cualitativa

Se queremos realizar unha valoración cualitativa da aplicación do proxecto no centro, poderemos avaliar diferentes aspectos que nos darán información sobre o impacto e repercusión das diferentes actividades na comunidade educativa. Os indicadores que se valorarán no alumnado e centro educativo/profesorado durante o proceso e ao final do proxecto son os que seguen:

- » Nivel de interese suscitado no alumnado
- » Satisfacción co clima convivencial
- » Percepción do aproveitamento
- » Valoración do desenvolvemento do proxecto
- » Instrumento de recollida: Enquisa con preguntas escala (alumnado); enquisas para o centro educativo/profesorado; ficha a cumprimentar pola persoa titora.

TEST DE PREGUNTAS ESCALA PARA O ALUMNADO	
Centro educativo:	Grupo:
Como te sentiches durante as sesións?	(Mal) 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 (Moi ben)
Cres que aprendiches nas sesións?	(Nada) 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 (Moito)
Que cres que foi o que aprendiches?	
Resultáronche entretidas/divertidas?	(Nada) 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 (Moito)
Que foi o que máis che gustou?	



TEST DE SATISFACCIÓN CENTRO	Mala	Boa	Moi boa	Non teño info
Adecuación dos contidos ao alumnado				
Claridade na exposición dos contidos				
Metodoloxía				
"Enganche" ou conexión da persoa guía do proxecto e o alumnado				
Utilidade das sesión a nivel didáctico				
1. Que é que máis che gustou ou o que máis útil consideras do programa?				
2. Que aspectos propós cambiar ou incorporar?				
3. Outras observacións ou suxestións:				

FICHA DE REXISTRO AULA (PERSONA TITORA)	
Centro educativo:	Grupo
Comentarios do grupo - Clima grupal sobre o tema (opinión, media...) - Seguimento e enganche - Integración do traballo sobre os estereotipos de xénero - Aproveitamento das sesións	
Incidencias ou observacións:	

Finalmente, hai un aspecto sobre o que nos gustaría reflexionar e que unha vez desenvolto o proxecto no CPI Atios quedou manifesto... Tanto o profesorado implicado coma a educadora social que foi a persoa que dirixiu o primeiro xogo e o debate posterior, consideramos que a parte fundamental e máis importante de toda a proposta didáctica é o rexistro desa primeira asociación que fai o alumnado nun primeiro momento. É esa primeira asociación a que visibiliza e fai evidente a existencia de prexuízos sexistas no alumnado e que, no noso centro, puxo de manifesto unha necesidade fundamental de seguir traballando intensamente todo o relacionado coa igualdade.

Consideramos que sería moi necesario facer un rexistro e unha análise a nivel de centro das respostas de todo o alumnado. Unha posibilidade sería que o alumnado de cursos máis altos realizara o análise das respostas e elaborara un rexistro gráfico. Esta actividade podería encadrarse perfectamente na área de matemáticas e contribuiría a poñer de manifesto as ideas previas ao proxecto. A longo prazo, consideramos que tamén podería ser beneficioso e necesario facer una comparativa entre centros.

Tamén sería moi aconsellable e necesario facer partícipes ás familias tanto do proxecto coma da exposición. Sería interesante convidalos a facer o xogo e a coñecer en primeira persoa a iniciativa para que a reflexión chegue aos fogares.





Agradecementos

En primeiro lugar queremos agradecer especialmente a colaboración e disposición de todas as persoas que amablemente se brindaron a cedernos as súas imaxes para a exposición fotográfica:

- » Manuel Pardo Vázquez
- » José Manuel Varela Muiño
- » Luisa Fernández Vieites
- » José Luis Barella Navidad
- » María Eugenia Pérez Heres
- » Jaime Pablo Díaz Rodríguez
- » José Juan Paz Saavedra
- » Marta Díaz Lis
- » Beatriz Pereira Vilariño
- » Belisario Sixto López
- » Rosario Tegui de Orozco Dondi dall'Orologio

Tamén queremos destacar a implicación, aportacións e ideas para a proposta didáctica do claustro do CPI de Atios, así como de Iria García Martínez (AtalaiA. social) como educadora social do Concello de Valdoviño. A súa axuda foi indispensable nesta proposta...

Grazas ao IES de Leixa pola maquetación e impresión de toda a exposición.

Grazas á Banda Municipal de Ferrol e o seu director Narciso Pillo pola súa colaboración no cartel principal.

Grazas á ANPA do CEIP Cruceiro de canido, onde nace esta idea...

Grazas ao CFR de Ferrol por apoiar esta iniciativa, así como coordinar e difundir o proxecto.

Grazas aos Concellos de Ferrol e Valdoviño polo seu apoio.

Participantes

Marta Sixto San José. Idea e desenvolvemento do proxecto.

José Pardo Vázquez. Fotógrafo.

Beatriz Antón Viscasillas. Autora das testemuñas.

Artes Gráficas IES Leixa. Deseño, maquetación e impresión. Organización da exposición no centro cultural Carballo Calero.

María del Mar Sobrín Sueiras. Colaboradora na proposta didáctica e realización do proxecto.

Ana Seijas Vispo. Colaboradora na proposta didáctica, creando a exeplicación de FP básica.

Laura Adela Fernández Blanco. Coordinadora do equipo de traballo que elaborou a proposta didáctica e o libro LIM adxunto:

Flavia Núñez Fernández

Cintia Castro Vázquez

María Amalia Fontes Rey

Eliseo Lorenzo García

Paula Permuy Damota

Laura María Río Hortas

Rocío Fernández López

Francisco Javier Fernández Pérez

Álvaro Vázquez Polo

Ana Santaescolástica Piñón